



FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO

GUÍA DE USO DA APLICACIÓN DE XOGADE

1. Rexistro.

Débese rexistrar á entidade e a un responsable. Para isto débese entrar en <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> e premer no botón "Solicitar Rexistro". Cubrir os datos requiridos e premer no botón "Solicitar Rexistro", no campo tipo de entidade débese seleccionar "entidade deportiva".

Nun dos dous correos que se enviarán ao responsable deben premer no enlace para conseguir un contrasinal asociado á conta de correo. O proceso continuará só cando os servizos provinciais acepten e activen o seu usuario, despois disto chegará ao seu correo unha mensaxe para reiniciar o contrasinal cun enlace que caduca aos 5 minutos, nese enlace deberá de escribir un contrasinal dúas veces e premer en enviar.

Agora xa pode acceder a Xogade (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>) e premer no botón acceder e identificarse co seu correo electrónico e a súa contrasinal elixida.

2. Solicitud.

Para poder realizar solicitudes ás federacións debe estar cuberto o campo "No de rexistro de entidades deportivas de Galicia" no menú "A Miña Entidade" premendo en editar.

Para facer unha solicitude a unha federación o usuario debe pulsar no botón "Actividade Deportiva Federada" > "solicitar", donde a aplicación mostra un formulario no que deben indicarse: "federación deportiva" á que se envía a solicitude (FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO), "solicitud" indicando no texto que desexa acceder aos datos dos seus deportistas do club X. Ao pulsar no botón gardar a solicitude queda rexistrada. E unha vez aprobada pola federación xa terá acceso no menú de "Actividade Deportiva Federada" > "Participantes".